


REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 23/09/2021 13:50:03
SAIDA 14719/21





Reclamante: 
Expediente. Nº RSCTG 82/2021

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por  mediante escrito do 4 de xuño de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 21 de setembro de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro.  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 7 de xuño de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno contra a resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que lle foi notificada en data do 13 de maio de 2021, en relación coa súa solicitude de acceso e cesión dos expedientes académicos que consten en calquera centro educativo ou de formación de Galicia, de nivel secundario, bacharelato, ciclo de formación profesional ou sistema universitario ao dispor desa Consellería, en relación coas cualificacións dos estudos cursados polo seu fillo, .

O reclamante indica que, por mandato xudicial, está a pagarlle unha pensión de alimentos a seu fillo, maior de idade, na que se inclúen os seus gastos educativos. Así pois, considera que ten un interese lexítimo en coñecer o seu avance formativo que prevalece sobre o dereito á protección de datos daquel, de maneira tal que non habería inconveniente en que a consellería lle subministrase a devandita información, consonte a disposición adicional décima da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Desta maneira, pon de manifesto que puido acceder ás cualificacións de segundo de bacharelato de seu fillo, a pesar de que, no momento do acceso, este xa era maior de idade.

Ademais, alega que a *Agencia Española de Protección de Datos* se pronunciou no mesmo sentido con respecto ás cualificacións dos estudantes universitarios maiores de idade no seu Informe do 27 de xuño de 2014 e cita tamén o núm. 441/2015.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 9 de xuño de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 18 de xuño de 2021, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade contesta remitindo un informe no que só se facía constar que se lle dera audiencia á persoa interesada e que se lle denegara o acceso á información solicitada.

Cuarto. Con data do 22 de xuño de 2021, solicítase de novo que se remitise copia do expediente de acceso á información tramitado e que se emitise informe sobre a reclamación presentada.

Quinto. Con data do 7 de xullo de 2021, recíbese a información interesada. Neste informe, en resumo, a Consellería explica, en primeiro lugar, que os expedientes académicos do alumnado universitario non están á súa disposición, dado que os centros de ensino superior desenvolven as súas funcións en réxime de autonomía.

Polo que respecta ao resto de expedientes académicos solicitados, manifesta que o órgano instructor lle concedeu un prazo de alegacións ao titular da información, dado que a petición lles afecta aos seus dereitos e intereses lexítimos, de acordo co art. 19.3 da Lei 19/2013. O afectado manifestou a súa oposición ao acceso o 22 de abril de 2021, de tal maneira que o secretario xeral técnico optou por denegar o acceso á información con base no art. 15.3, apartado d), da Lei 19/2013.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades

autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que a resolución notificóuselle ao interesado con data do 13 de maio de 2021 e a reclamación rexistrouse na oficina de Correos da Estrada con data do 4 de xuño de 2021, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O recorrente solicitoulle á Consellería de Cultura, Educación e Universidade as cualificacións de seu fillo, maior de idade, dado que lle está aboando unha pensión de alimentos por mandato xudicial e nela compútanse os seus gastos educativos. Pola súa banda, o afectado, titular da información, négase a que se lle remita a información interesada, de tal maneira que o órgano instrutor desestima a petición.

Tal e como apunta o reclamante, as administracións das comunidades autónomas “poderán comunicar os datos persoais que lles sexan solicitados por suxeitos de dereito privado cando contén co consentimento dos afectados ou aprecien que concorre nos solicitantes un interese lexítimo que prevaleza sobre os dereitos e intereses dos afectados”, de acordo coa disposición adicional décima da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Pois ben, debemos destacar o feito de que o órgano instrutor asume a oposición do afectado, quen non alegou ningún dereito ou interese lexítimo que puidese verse vulnerado alén do amentado dereito á protección de datos. Malia iso, a propia normativa na materia prevé a

posibilidade de ceder os datos nesta clase de situacións. Desta maneira, bótase en falta unha ponderación entre os intereses en xogo neste caso.

Neste sentido, a única valoración que realiza a consellería é que a mera aplicación das normas reguladoras dos alimentos entre parentes pode non constituír en todos os casos unha base legal suficiente para amparar a cesión dos datos que, en todo caso, deberá resultar respectuosa co principio de finalidade, é dicir, atoparse vinculada coa obriga dos proxenitores de facilitar os gastos de educación e instrución dos seus fillos, tal como establece a Axencia Española de Protección de Datos no Informe 0441/2015.

Polo que respecta a eses casos en que pode non proceder a cesión dos datos, o propio documento identifica varios:

- aqueles en que non haxa unha previa reclamación de alimentos, senón que os pais aboan voluntariamente os gastos derivados da educación do fillo maior de idade;
- aqueles en que os datos sexan solicitados polo proxenitor que non afronta os gastos de alimentos;
- aqueles en que o fillo maior de idade corre cos seus propios gastos educativos.

Da análise do suposto de feito que se nos formula derívase que non nos atopamos ante ningunha destas situacións, de maneira que, se atendemos ás circunstancias do caso concreto, a consellería non pon de manifesto ningún elemento que impida que opere a presunción de que o interese lexítimo do proxenitor prevalece sobre o dereito á protección de datos do seu fillo, que é a tese que mantén a Agencia Española de Protección de Datos.

Así e todo, cabe destacar que, se atendemos ao Criterio Interpretativo 3/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, as finalidades do dereito de acceso á información pública son as seguintes:

- someter a escrutinio a acción dos responsables públicos;
- coñecer como se toman as decisións públicas;
- coñecer como se manexan os fondos públicos;
- coñecer baixo que criterios actúan as institucións públicas.

Deste xeito, a solicitude non busca fiscalizar a actuación dos poderes públicos, de maneira que o interese lexítimo do reclamante non atopa acubillo na normativa en materia de transparencia. En consecuencia, procede inadmitir o recurso dado que a solicitude non estaba xustificada coa finalidade da lei, de acordo co artigo 18.1.e) da Lei 19/2013 e co Criterio Interpretativo antes citado.

Porén, convén destacar que este pronunciamento non impide que o reclamante solicite a información interesada exercitando o seu dereito de petición (art. 29 da Constitución) e alegando o seu interese lexítimo, senón tan só que o faga por medio da normativa en materia de transparencia.

Por conseguinte, no caso de que non se lle subministre, poderá recorrer por medio da vía administrativa ordinaria. Así mesmo, contará coas garantías recollidas nos artigos 53 e 54 da Constitución e no artigo 14 do Estatuto de Autonomía (a Valedora do Pobo). Non obstante, entre elas non se atopa esta Comisión da Transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 4 de xuño de 2021 nos termos da presente resolución, contra a resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que lle foi notificada en data do 13 de maio de 2021, en relación coa súa solicitude de acceso e cesión dos expedientes académicos que consten en calquera centro educativo ou de formación de Galicia, de nivel secundario, bacharelato, ciclo de formación profesional ou sistema universitario ao dispor desa Consellería, en relación coas cualificacións dos estudos cursados polo seu fillo.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F

MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)

Fecha: 2021.09.23 13:20:11 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.